

## **NOTA DE PRENSA**

O coñecido divulgador científico recollerá o premio este sábado en Santiago de Compostela

# **O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia outorga o seu máximo galardón a Eduard Punset**

---

*Santiago de Compostela, 26 de maio de 2015.*- O divulgador científico **Eduard Punset recollerá este sábado 30 de maio en Santiago de Compostela o premio Dolores Llópiz**: Psicoloxía e Sociedade que concede anualmente o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. O acto, que se celebrará no Hostal dos Reis Católicos, será no marco do encontro Achegas da Psicoloxía, onde se congregan os colexiados e colexiadas desde hai xa sete anos.

O Premio Dolores Llópiz é o máximo galardón que entrega o COPG e que pretende distinguir á persoa, institución ou asociación que teña contribuído ao desenvolvemento da profesión. Nesta ocasión, a Xunta de Goberno do Colexio acordou outorgarllo ao avogado, economista, político e divulgador científico Eduard Punset (Barcelona, 1936). No seu fallo destacan o seu labor “achegando profesionais e estudos internacionais sobre o comportamento humano, a neuropsicoloxía e as emocións, para comprender mellor o desenvolvemento da persoa”.

Ademais da entrega do galardón, no acto Achegas da Psicoloxía vaise efectuar un recoñecemento a aqueles e aquelas profesionais que levan 25 anos de vida colexial ininterrompida. O encontro Achegas da Psicoloxía celebrarase no emblemático Hostal dos Reis Católicos cun xantar que dará comezo ás 14 horas.

### **Premio Dolores Llópiz 2015**

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia creou o Premio Dolores Llópiz hai sete anos, para render homenaxe pública a aquelas figuras que tiveran colaborado activamente co campo da psicoloxía. O nome do galardón correspóndese co da psicóloga finada Dolores Llópiz Pereiro, que participou no COPG durante unha década, formando parte da Xunta de Goberno, da Comisión Deontolóxica e da Área de Psicoloxía Educativa.

Recibiron o galardón en anos anteriores:

#### **2013. Veciñanza do barrio de Angrois**

Polo seu comportamento xeneroso, exemplar e altruísta que axudou a salvar vidas no tráxico accidente do tren Alvia acontecido en Santiago de Compostela a noite do 24 de xullo de 2013.

#### **2012. José Luis Sampedro Sáez (escritor e humanista)**

Pola súa sensibilidade, o seu compromiso social, as súas reivindicacións, a súa coherencia e actitude persoal, e polas súas palabras cun enorme poder de visualización e defensa da dignidade humana.

**2011. Gemma Nierga (xornalista)**

Polo compromiso e a sensibilidade demostrados no seu traballo contribuíndo á visibilización e á desestigmatización da enfermidade mental ou de persoas na prisión.

**2010. Asociación pola Recuperación da Memoria Histórica**

Polas súas valiosas achegas ao coidado e á recuperación da memoria histórica, un acto de xustiza fundamental para dignificar as persoas e os pobos.

**2009. Carlos Varela García (Fiscal Xefe do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia)**

Por ter contribuído desde a súa profesión a avanzar cara a unha sociedade máis xusta e igualitaria a través das iniciativas que promove e polo seu enfoque da intervención en problemáticas de carácter social.

**2008. Joel Gómez (xornalista)**

Pola súa contribución á sensibilización social coa divulgación da psicoloxía a través dos medios de comunicación desde hai moitos anos, pola súa dedicación e a súa entrega.

## **Eduard Punset**

Eduard Punset Casals naceu en Barcelona en 1936, é avogado, economista e comunicador científico. É licenciado en Dereito pola Universidade de Madrid e máster en Ciencias Económicas pola Universidade de Londres. Destacou o seu papel durante a etapa da transición democrática como Secretario Xeral Técnico do primeiro goberno e foi ministro de Relacións para as Comunidades Europeas, entre as súas moitas responsabilidades institucionais.

A súa faceta máis coñecida é a de divulgador científico, xa que desde 1996 ata 2013 presentou e dirixiu a emisión especializada en ciencia máis coñecida da televisión, Redes. Nela abordaba dun xeito comprensible e accesible distintas áreas como a psicoloxía, a bioloxía, a socioloxía ou a medicina, entre outras, achegando estudos e investigadores/as científicos/as internacionais. Tamén é autor de numerosos libros centrados na divulgación do coñecemento científico.

## **Saúdos,**

Se desexan **ampliar a información ou para asistir ao acto de entrega (previsto para as 16:15h)**, contacten co **departamento de comunicación** do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

Eliana Martíns  
981 534 049 / 699 908 968  
[comunicacion@copgalicia.org](mailto:comunicacion@copgalicia.org)